

# EXPOSICIÓN FOTOGRÁFICA **COMPOSTELA ÚNICA**

Un retrato en imaxes anteriores a 1965

Organiza



Patrocina



fundación endesa



Colabora



EXPOSICIÓN  
FOTOGRÁFICA

# ÚNICA



Un retrato  
en imaxes  
anteriores  
a 1965

## ITINERANCIA POLOS CENTROS SOCIOCULTURALS MUNICIPALS ANO 2014 (LUGARES E DATAS):

**LSC A Rocha** (R/ Beado, 1): do 17 ao 29 de xaneiro.

**CSC Vite "José Saramago"** (R/ Carlos Maside, 7): do 5 ao 26 de febreiro.

**CSC Castiñeiriño "Agustín Bueno"** (R/ Virxe de Fátima, 1): do 6 ao 28 de marzo.

**CSC Fontiñas** (R/ Berlín, 13): do 2 ao 28 de abril.

**CSC O Ensanche** (R/ Frei Rosendo Salvado, 14-16 baixo): do 3 ao 16 de maio.

**CSC Conxo** (Praza Aurelio Aguirre, 1): do 9 ao 30 de setembro.

# COMPOSTELA





exposición fotográfica **COMPOSTELA ÚNICA**

é unha iniciativa do Obradoiro de Fotografía do Ateneo de Santiago, coa que se pretendeu rescatar para os veciños imaxes da súa cidade, das súas xentes e do seu urbanismo, anteriores ao ano 1965. Ademais de homenaxear a quen suberon conservar esa parte da historia, puidemos achegarnos aos profundos cambios que se produciron na segunda metade do século XX.

A referencia a 1965 tomouse porque se considera o primeiro Ano Santo "moderno" e un punto de inflexión na vida e desenvolvemento socioeconómico e urbano de Santiago.

Tratouse dun proxecto colectivo no que estiveron

implicados tanto os ateneístas como todos os veciños, institucións, asociacións e fotógrafos profesionais que se encargaron de achegar as máis de 800 imaxes atopadas nos seus arquivos e álbums persoais. Ademais, contou co patrocinio da Fundación Endesa, Begano e o Consorcio da cidade de Santiago, así como coa colaboración da USC.

O proceso de recollida das instantáneas tivo lugar no mes de novembro de 2.012 na Librería Couceiro, onde os colaboradores entregaban as fotografías orixinais para, tras o seu escaneado, ser devoltas aos seus donos con todas as garantías de integridade e recuperación das mesmas. Posteriormente, unha comisión do Ateneo encargouse de seleccionar, de entre todo o material recompilado, as aproximadamente 200 imaxes máis significativas, que son as que conforman a exposición, distribuídas en 27 paneis agrupados en 8 temas:

# COMPOSTELA ÚNICA



Un retrato  
en imaxes  
anteriores  
a 1965

ateneo@atenedesantiago.com  
www.atenedesantiago.com

622 274 110

Máis información:

O martes, 11 de xuño, tivo lugar a presentación do libro-catalago, onde se inclúen, ademais das fotografías da exposición, textos sobre a cidade de autores como Salvador García-Bodano, Xerardo Estévez, Anxo Tarrío, Encarna Otero, J.M. González Herrán, Manuel Fraga Carou e Xosé Ramón Pousa, entre outros, así como un DVD con todas as imaxes recompiladas e varios vídeos dos anos 1920-1930.

- Compostela pedra a pedra.
- Universidade, ensino e cultura.
- A Igrexa e o Camiño de Santiago.
- Oficinas, obradoiros e actividade comercial.
- Fotografías de Autor.
- A sociedade compostela.
- Deportes.
- Festas e romerías.